



 [ORDE do 19 de Xuño de 2024. DOG do 28 de xuño de 2024.](#)



PRAZO DE SOLICITUDES: 19 de agosto ao 18 de setembro



DESTINATARIOS

Alumnado que finalice os estudos de ESO no curso 2023/24 nun centro docente da Comunidade Autónoma de Galicia e mereza un especial recoñecemento pola **dedicación e esforzo** demostrado durante a ESO.



CARACTERÍSTICAS

Os centros enviarán un **informe do perfil** da persoa candidata (redactado de acordo co indicado no artigo 12 e no **ANEXO IV** da citada orde) no que consten as dificultades, as medidas de apoio adoptadas, a persistencia da persoa aspirante e a valoración do seu esforzo persoal.



QUEN PRESENTA A SOLICITUDE?

Unha persoa menor de idade NON pode presentar directamente a solicitude (agás que estea emancipada).

» ALUMNADO MENOR DE 18 ANOS OU MAIOR DE 18 TITORIZADO

Actúa a través dun representante legal (pai, nai ou titor/a legal).

O alumnado de centros incluídos en XADE non ten que entregar certificación da representación. O resto (centros privados que non están en XADE) debe presentala (p.ex. libro de familia).

» ALUMNADO MAIOR DE 18 ANOS OU MENOR EMANCIPADO

Pode presentar a solicitude directamente.



COMO SE PRESENTA A SOLICITUDE?

» TELEMATICAMENTE (CHAVE365, DNI ELECTRÓNICO, CERTIFICADO DIXITAL)

A través da aplicación **PremiosEdu**

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>
ou no **código QR**.

Ou a través do formulario normalizado dispoñible na **Sede Electrónica** (Procedemento ED311E)

<https://sede.xunta.gal>

É imprescindible cubrir todo o formulario (de ser necesario, representante e a súa sinatura, datos para efectos de notificación, comprobación de datos...).

» PRESENCIALMENTE

En calquera dos lugares e rexistros establecidos na normativa.



DOTACIÓN

Concederanse un máximo de **20 premios** dunha contía **de 1.000 €** por premio.



MÁIS INFORMACIÓN

Toda a información pódese atopar en:

<https://www.edu.xunta.gal/premiosedu>
ou no **código QR**.

